

IIVTNU

(IMPOSTO sobre o INCREMENTO do VALOR dos TERREOS de NATUREZA URBANA)

- 1.- Que é? Un IMPOSTO local directo
- 2.- Quen o cobra? O CONCELLO (se quere, non é obrigatorio)
- 3.- Que se cobra? A SUBA DO VALOR DO TERREO no que se construíu a casa
- 4.- Por que se cobra? SUPONSE QUE O TERREO DE NATUREZA URBANA SEMPRE AUMENTA O PREZO

IMPOSTO LOCAL

O imposto cobra só o INCREMENTO do valor do chan/solo/terreo (bens de natureza urbana) no que está a construción

OLLO: non afecta a bens de natureza rústicos

Cóbranche porque o terreo onde está o piso/casa/hórreo sube o prezo cos anos(inda que non sempre sexa así).

e lo, por que me cobran ???

CASOS:

-TRANSMISIÓNS LUCRATIVAS(DOAZÓNS, HERDANZAS), (non hai pago nin prestación á persoa que dá) (prazo pago: 6 meses herdanza, 30 días hábiles doazón)

-TRANSMISIÓNS ONEROSAS(COMPRAVENDA) (Hai cartos polo medio, ou xuros/ou outra prestación) (prazo: 30 días desde a data de transmisión)

Cálculos?

-valor do terreo: incremento nos últimos 20 anos e o valor catastral no momento do pago do imposto

-porcentaxe do incremento: nº anos desde última transmisión x coeficiente (pono o concello. O máximo 30%)

cota - exencións/ bonificacións=cota líquida

É o 2º imposto que máis cartos da ós concellos, por detrás do IBI

1.exencións: bic's+ conxuntos histórico-artísticos e contías de menos de 6€ (non sae a conta)

2.bonificacións: 95% sucesións e entidades sen ansia de lucro

Recursos:

- Contra a liquidación do propio IVTNU
- contencioso-administrativo
- . Rectificación contra a autoliquidación

A STC non é retroactiva: non se permite reclamar se non se fixo recurso, se a liquidación non se recorreu e se é firme o procedemento administrativo.

Sentencia Tribunal Constitucional: 26/10/2021

-Declara o método de cálculo do imposto inconstitucional (art. 107.1, 107.2.a e 107.4 da LRBL)

- O método de cálculo é confiscatorio. Non retroactiva.

-Lesión da capacidade económica das persoas pobres que soportan máis carga que os que son máis ricos (ppio. de capacidade económica dos impostos)

- os criterios obxectivos non se respectan nos art. Declarados inconstitucionais: non se achegan aos valores reais das casas no mercado inmobiliario.

O imposto cóbrase inda que non exista incremento do valor, polo que é confiscatorio.

-Desde o 26/10/2021 hasta o 8/11/2021 non se pode cobrar

-O imposto ben calculado e sempre que exista o incremento dese valor axuda ao mantemento do servizo dos concellos, e a repartir a riqueza.